



Resolución Xunta Directiva 5 de Marzo de 2019:

para a adxudicación da contratación dunha asistencia técnica que proporcione asesoramento e formación aos promotores de proxectos produtivos da convocatoria de 2018

ANTECEDENTES:

Segundo acordo da Xunta Directiva celebrada na data do 25 de xaneiro de 2019, e respondendo ao seu compromiso de responsabilidade social, económica e ambiental co seu entorno, O Galp Costa Sostible, colabora cos promotores dos proxectos seleccionados na convocatoria anual de proxectos segundo a Orde do 24 de Maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas aos GALP para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP. Para elo, o GALP ofrece un programa de seguimento dos proxectos aprobados cun dobre obxectivo:

- Acompañar tecnicamente aos beneficiarios da convocatoria na execución e posta en marcha das súas iniciativas.
- Contribuír á xeración e medición do impacto responsable das iniciativas financiadas a corto, medio e longo prazo.
- O GALP avanza en deseñar instrumentos e ferramentas de apoio que consisten en:
 - Asesoramento técnico individualizado no proceso de execución e posta en marcha do proxecto.
 - Formación técnica. Mediante talleres presenciais
- Neste marco, o GALP COSTA SOSTIBLE solicita unha proposta de colaboración profesional na implementación dos instrumentos anteriores.





PROCEDEMENTO:

Coa data do 14 de febreiro de 2019, publícanse as bases que regularán o procedemento para a adxudicación da contratación mencionada. As propostas presentadas foron:

- 1) Pqliar Consulting, cunha oferta económica de 8.982,50 euros.
- 2) Icsem, SL , cunha oferta económica de 8.228,00 euros .
- 3) VisualPublinet, cunha oferta económica de 7.110,00 euros

Segundo as bases do procedemento a empresa adxudicataria sería aquela que presentase a oferta económica máis vantaxosa, sempre que a proposta presentada se axuste as prescricións técnicas publicadas.

Unha vez analizadas as propostas presentadas, chégase as seguintes conclusións :

A oferta presentada pola empresa VisualPublinet non se axusta as prescricións técnicas publicadas, en canto ao contido dos talleres especializados que se propoñen nas bases mencionadas, posto que nestas especificase a temática sobre a que versarán os talleres especializados: Importancia das redes sociais e da imaxe dixital na comunicación, posibilidades para formar unha oferta turística conxunta, e aplicación da responsabilidade social e empresarial na comunicación, mentres que na oferta presentada por esta empresa soamente se recolle un dos talleres á temática especificada : Taller en xestión e dinamización de redes sociais.

En canto as outras dúas ofertas, resulta mais vantaxosa economicamente a presentada pola empresa Pqliar Consulting, atendendo ao seguinte cadro comparativo:





Propostas	ICSEM	PQLIAR	DIFERENZA
Talleres especializados			
Nº de talleres realizados	3	3	
Horas talleres	12	11	1
Prezo	1.815,00	2.085,50	270,50
Asesoramento individual			
Sesions presenciais	16	40	24
Horas sesiones	3	2	32
Prezo	5.808,00	6.897,00	1.089,00
Melloras			
Deseño e Edición de guía de plantilla de medición de impacto	605,00		- 605,00
TOTAL	8.228,00	8.982,50	754,50

Polo exposto anteriormente a Xunta Directiva do Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible **Resolve:**

Seleccionar a proposta presentada pola empresa Pqliar Consulting por ser a oferta mais vantaxosa economicamente atendendo a:

A diferenza de prezo entre as dúas propostas supón un total de 754,50€, atendendo ao cadro comparativo, aínda que a proposta de Icsem propón unha mellora, as sesións presenciais de asesoramento individualizado, obxecto fundamental da formación, supoñen unha diferenza importante entre as dúas empresas, compensando a diferenza económica que supón a proposta de Pqliar as trinta e dúas horas de diferenza no asesoramento individualizado a maiores que propón esta empresa

Muros, 5 de marzo de 2019

Asdo: Daniel Manuel Formoso Moledo

Presidente

